

ACTA NÚMERO 01/08
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA PONTEVEDRA-VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE AT. PRIMARIA- ÁREA SUR

<p>ASISTENTES</p> <p><u>POLA DIRECCIÓN:</u> D. CARLOS EIREA EIRAS D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D^a. M^a TERESA RODRIGUEZ IGLESIAS D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p><u>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</u> D. XOSE LOIS MARTINEZ FDEZ-CSI-CSIF D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D^a. HEMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA D. JOSE M. BREA FEIJOO- O'MEGA D^a. DAMIANA I. GULLON DOMINGUEZ- SGPS D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE D^a. ALASNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT</p>	<p>En Vigo, ás nove horas do día catorce de xaneiro de dous mil oito, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	--

-- ORDE DO DÍA --

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Situación e función de D. Enrique Fluiters nesta Xerencia. Previsión de duración. Cobertura temporal da súa praza.
3. Solicitude de incremento de efectivos do Persoal de Xestión e Servizos no Centro de Saúde de Rosalía de Castro, fundamentada nos incrementos experimentados de profesionais sanitarios.
4. Deficiencias no Centro de Saúde da Rúa Cuba. Situación actual e previsións ao respecto. (escrito mencionado na xuntanza do 20/7/07 que se achega á presente).
5. Chamamentos telefónicos dende a Xerencia a diversos centros o día das Concentracións de traballadores, 12 de decembro.
6. Atención domiciliaria: solucións dende esta Xerencia, Comisión de Zonificación,...
7. Información sobre a Atención Domiciliaria facilitada pola Dirección de Enfermería ás/os traballadoras/es que a solicitaron.
8. Facultativos obrigados a cubrir ausencias: orde de chamamento,...
9. Acumulación de intersubstitucións nos Centros: Solicitude de reparto equitativo.
10. Prolongacións de xornada: posibilidade de realización entre distintos centros.

11. Privatización do Almacén de Subministrados. Situación actual e previsións de futuro.
12. Protocolo interno de vacacións e permisos de libre disposición

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Aprobase a Acta nº 7/07 da reunión celebrada o pasado día 12 de novembro, e queda pendente de aprobación a Acta nº 8/07 da reunión do 10 de decembro.

- XERENCIA: Solicitase trata o punto decimo segundo pola prema de enviar aos centros.
- PRESIDENTE COMISION DE CENTRO: Non pode ser, porque cando se entregou tratárono nunha comisión deles e non o remataron, darannos unha probable data.
- XERENCIA: Seria conveniente telo a finais de mes.

PUNTO SEGUNDO.- SITUACIÓN E FUNCIÓN DE D. ENRIQUE FLUITERS NESTA XERENCIA. PREVISIÓN DE DURACIÓN. COBERTURA TEMPORAL DA SÚA PRAZA.

- XERENCIA: O doutor Enrique Fluiters está en virtude dunha beca con dotación económica do Consello Interterritorial para proxectos de investigación a previsión da duración e dun ano prorrogable.
Non xera vacante, e a cobertura da reserva da súa praza polas datas nas que se produciu (polo Nada). Estanse a facer agora os chamamentos para cubri-lo por longa duración.
- CC.OO.: Solicita aclaracións e pide copia do proxecto.
- XERENCIA: Entréganselle copias do proxecto.

PUNTO TERCEIRO.- SOLICITUDE DE INCREMENTO DE EFECTIVOS DO PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS NO CENTRO DE SAÚDE DE ROSALÍA DE CASTRO, FUNDAMENTADA NOS INCREMENTOS EXPERIMENTADOS DE PROFESIONAIS SANITARIOS.

- PRESIDENTE COMISION DE CENTRO: Non houbo incremento de persoal de xestión e servizos en Rosalía cando houbo incremento no resto do persoal
- XERENCIA: Puxéronse dous novos no ano 2007, comezaron o 15 de xuño e os facultativos en setembro. A ratio de Rosalía nestes momentos é de 3.528 TIS.
- CC.OO.: Cada día teñen mais tarefas, e dan cita a mais profesionais.
- XERENCIA: Os cupos están pechados, foi un reparto de TIS entre profesionais, non houbo incremento de usuarios no centro.

En calquera caso na planificación de cobertura de mais prazas do plan mellora, hai que reconverter outras prazas en prazas de non sanitario, é probable que lle toque o incremento este ano, pero son necesidades compartidas con outros centro.

- CC.OO.: ¿Vai a haber cobertura inmediata de prazas?.
- XERENCIA: Imos intentar activar todas as que poidamos o próximo mes, e quedarían pendentes as de médicos, probablemente ao redor de 50 prazas cando teñamos pechado onde van as prazas enviarase á comisión de centro e hai que reunirse para estudar as prazas do persoal non sanitario (reconverter outras prazas).

PUNTO CUARTO.- DEFICIENCIAS NO CENTRO DE SAÚDE DA RÚA CUBA. SITUACIÓN ACTUAL E PREVISIÓNS AO RESPECTO. (ESCRITO MENCIONADO NA XUNTANZA DO 20/7/07 QUE SE ACHEGA Á PRESENTE).

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Tema xa tratado na primeira reunión desta comisión de centro e queremos saber como esta e os puntos que estaban pendentes.
- XERENCIA: En novembro-décembro houbo reunións cos Xefes de Servizos e Coordinadores para cambiar a dinámica do Plan de Necesidades e as obras. Solicitouse a todos os centros que fixesen un plan de necesidades e un plan de obras, en canto os teñamos, a previsión é neste mes, comezaremos a abordar os temas de obras e plan de necesidades en función das necesidades de cada centro. Abordaremos a sinalética dos centros e directorios cun modelo que facilite o cambio de información.
- CEMSATSE: Isto esta ben en xeral pero concretamente na rúa Cuba, que parte dunha reforma e a xerencia dixo que había un período no que non se poida tocar; é arranxar defectos que deixo a contrata que fixo a obra. Por exemplo: o chan que se levantou fai un ano foron a medir e non se arranxo xamais.
- XERENCIA: Hai cambios en servizos centrais e vai a ver unha novo subdirección de obras e se retomaran os temas pendentes.
- CC.OO.: Díxosenos que durante un ano no se podería tocar, non hai un sistema para subir unha persoa maior o un neno á primeira planta, os arquivos que estan como están,
- XERENCIA: Dependendo das cousas a que se refiren hai uns prazos ou outros, non se pode modificar arquitectonicamente mentres dure a responsabilidade do arquitecto, un defecto do chan pódese arranxar, o tema é quen ten que reparalo.
- O'MEGA: ¿Servizos Centrais non teñen técnicos para valorar quen é o responsable dun vicio de construción?.
- XERENCIA: Hai dinámicas que custa que cambien, pero aos poucos van cambiando.

Exemplo: Domaio, non o asumimos a reparación ao final foi a cargo da empresa construtora.

- CC.OO.: A culpa é de quen acepta as obras con todas as deficiencias que ten, que xa se ven desde o principio.
- CEMSATSE: Hai problemas cos teléfonos, non se pode chamar a central de chamadas de Porriño por exemplo, e iso non é un vicio da construción.
- O'MEGA: Seria necesario enviar unha guía aos centros de saúde con todos os números internos da área.
- XERENCIA: Co novo concurso centralizado serían chamadas internas, revisárase o tema, porque a día de hoxe esta resolto.
- CEMSATSE: Sala de Pediatría (*punto 12 do escrito da rúa cuba*) as arestas das columnas ¿están protexidas?
- XERENTE: Deuse orde fai un ano e medio que se protexesen e non temos constancia de que non se fixera.

PUNTO QUINTO.- CHAMAMENTOS TELEFONICOS DENDE A XERENCIA A DIVERSOS CENTROS O DÍA DAS CONCENTRACIÓNS DE TRABALLORES, 12 DE DECEMBRO.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Desde a xerencia, chamouse aos centros e queremos saber se foi iniciativa da persoa que chamou e que se preguntaba.
- XERENTE: Foi por iniciativa da xerencia e preguntábase o número de efectivos para ter información.
- CC.OO.: ¿Non se preguntaba separación por categorías?
- XERENCIA: Non, o que se solicitaba era información de número.

PUNTO SEXTO.- ATENCIÓN DOMICILIARIA: SOLUCIÓNS DENDE ESTA XERENCIA, e

INFORMACIÓN SOBRE A ATENCIÓN DOMICILIARIA FACILITADA POLA DIRECCIÓN DE ENFERMERIA ÁS/OS TRABALLADOREAS/ES QUE A SOLICITARON.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Tratouse na última xuntanza e é para ver se hai información a maiores, como está a previsión de zonificación.
- XERENCIA: Hai información recompilada para iniciar o traballo, e agora hai que comezar a comisión, polo que pedimos o nome de tres persoas para empezar o traballo.
Respecto de contactos tamén cos concellos houbo pouco avance, todos din que o estudarán, que nos dirán algo.

- UGT: En Porriño, unha persoa que foi a substituír non tiña coche nin sabía sequera que necesitaba coche, polo que os tres domicilios que tiña a persoa substituída os fixeron outros enfermeiros do centro.
- XERENCIA: A persoa ten que xestionarse o seu transporte, non é nada novo do que se esta a facer ata agora.
- CC.OO.: É un problema ao que hai que buscar solución porque cubrir unha praza de enfermería ou médico de atención primaria non obriga a ter carne de conducir e se ten que xestionarse o seu transporte unha parte importante da súa nómina nalgunhas ocasións vaise niso.
- CEMSATSE: ¿Estase traballando en Santiago en algo disto?, ¿a xerencia o esta tratando?
- XERENTE: Negociación prevista no ano 2008 por servizos centrais:
 - o PAC
 - o Cuestións relacionadas co Plan Mellora
 - o Planificación Acordo Marco, para negociar todas aquelas cuestións que supón incremento a negociar con economía, segundo trimestre.
- CC.OO.: Alguén desde a xerencia, di que o que leven o seu coche aos domicilios é un acordo cos sindicatos.
- UGT: Deron o nome de Pilar Silveira.
- XERENTE: Non é ningún acordo cos sindicatos.
- D. ENFERMERIA: O único que se dixo na reunión é que na nosa nómina hai un concepto que retribúe a atención domiciliaria.

PUNTO SETIMO.- FACULTATIVOS OBRIGADOS A CUBRIR AUSENZAS: ORDE DE CHAMAMENTO.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: ¿Como é a orde de chamamentos?
- XERENCIA:
 1. Por orde inverso de antigüidade na xerencia
 2. Ámbito de PAC referencia
 - a) Exención por causa enfermidade tramitada pola UPRL, tendo en conta,
 - b) Exención por maior de 55 ano.

E acordouse tamén en principio non meter ao persoal do modelo tradicional e pediatría.
- CC.OO.: ¿Tamén eximiuse ao persoal que non ten dedicación exclusiva?
- O'MEGA: Chamóuseltes.
- CC.OO.: Non se lles chamou.

- XERENTE: Se teñen alguén concreto revisarase.
En servizos centrais, asistencia sanitaria, abordouse o ter un sistema similar de chamamentos para todas as xerencias, xa que hai discrepancias, e en principio parece que sería o noso.
Esta previsto meter na obrigatoriedade ao modelo tradicional.
- O'MEGA: ¿Vaise a meter ao modelo tradicional de prazas ás que concursan porque había SNU e estaban exentos de gardas?
- XERENTE: Como se vai a por un sistema para todas a xerencias, contemplaranse todos os casos e excepcións.

PUNTO OITAVO.- ACUMULACIÓN DE INTERSUBSTITUCIONS NOS CENTROS: SOLICITUDE DE REPARTO EQUITATIVO.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: A comisión de centro insta á xerencia a que o reparto nos centros da intersubstitución sexa equitativo.
- XERENTE: Queremos que sexa equitativo pero a organización interna do centro as veces impide que sexa equitativo, estase a traballar en Santiago para un reparto automático da cita, tema que esta moi avanzado e esperamos que o aplicativo comece a utilizarse pronto.

PUNTO NOVENO.- PROLONGACIONES DE XORNADA: POSIBILIDADE DE REALIZACION ENTE DISTINTOS CENTRO:

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: ¿Pódese facer entre centros?.
- XERENCIA: Xa se está facendo, nalgún caso a un profesional díxoselle que non pero por prioridade e porque se considera que é mais necesario nuns que noutros.
- CEMSATSE: ¿Hai lista de profesionais predispostos a facelo?
- XERENCIA: Si
- O'MEGA: Hai profesionais que non fan prolongación no seu propio centro e si o fan noutro, cando é mais prioritario no seu centro.
- XERENCIA: É o que está ocorrendo ultimamente e é no que se está traballando, facer entender ao profesional que ás veces as prioridades non coinciden e a xerencia valora, onde é necesario.

PUNTO DÉCIMO.- PRIVATICACIÓN DO ALMACEN DE SUBMINISTROS. SITUACION ACTUAL E PREVISIONS DE FUTURO.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: A última vez que se falou disto díxose que había ofertas pero non sabemos nada mais

- XERENCIA: En canto se acaben de prepara os pedidos do mes, a empresa farase cargo e os celadores véñense para Rosalía e dedicaranse ao control de almacéns dos centros, mantemento, ...
- CC.OO.: Pregunta se a empresa é Vía Conexión
- XERENCIA: Si
- CC.OO.: ¿Comeza en febreiro? ¿O traslado o fai a empresa?
- XERENTE: Está previsto facer o traslado a finais de mes, e si o traslado o fai a empresa.

Remata a reunión as once horas do día sinalado